

## MESA SECTORIAL

### 30/06/2026

#### **1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE MAIO DE 2026.**

Apróbase a acta referida, unha vez feitas as aportacións polas organizacións sindicais.

#### **2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: REDUCCIÓN DO NÚMERO DE ALUMNADO NAS AULAS DE EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA E BACHARELATO.**

Desde ANPE Galicia valoramos positivamente a presentación deste documento. A redución de rateos nas etapas da ESO e Bacharelato é algo que xa estaba recollido no Acordo asinado por ANPE no ano 2023 e todo o que sexa adiantar prazos é positivo. Este adiamento é froito do dialogo mantido entre a Administración e as OOS asinantes do Acordo na Comisión de seguimento do mesmo.

**É importante salientar tamén que deixar cerrado o tema en Galicia ao marxe da posible normativa estatal é un acerto. O proxecto de Decreto do Ministerio ten aínda por diante un recorrido parlamentario moi longo e nada asegura a súa saída á luz.**

Desde ANPE tamén queremos deixar constancia de que nos gustaría que a baixada de rateos comezase xa no vindeiro curso 2026-2027 pero tamén somos conscientes de que sería unha medida difícil de implementar pola premura dos prazos ao tratarse dunha medida dun profundo calado.

Non nos gusta a medida de excepcionalidade recollida para o período transitorio pero, a lo menos, leva a salvagarda de que ten que contar coa aprobación do Consello Escolar. Desde ANPE entendemos que dita excepcionalidade non se debería aplicar, en todo caso, en centros educativos cun entorno vulnerable, con elevado número de alumnado con necesidades específicas ou outras circunstancias especiais.

Por último, consideramos que debería abordarse no futuro unha maior baixada da rateo en Bacharelato para deixala en 28 ou mesmo 25.

Neste senso consideramos que o documento debe ser un documento vivo e dinámico que permita ir incluíndo futuras melloras.

#### **3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: DOCUMENTACIÓN SOBRE AFINIDADES.**

Desde ANPE Galicia entendemos que este documento é un documento embrionario sobre o que se debe traballar moito. Entendemos tamén que non afecta ao CADP deste ano. **É un documento que serve de punto de partida pero que é insuficiente e debe traballarse.**

**Debe haber unha regulación seria sobre as materias afíns. En primeiro lugar non pode ocorrer que se asigne unha materia afín cando existe profesorado especialista no centro con horario libre para poder impartila. En segundo lugar deben establecerse dous tipos de afinidades: afinidades prioritarias e afinidades por ámbitos.**

Noutro senso debe darse certa estabilidade ao profesorado que imparte afíns. Un docente que durante un curso está impartindo unha materia afín de xeito axeitado e con calidade debería ter algún tipo de prioridade para seguir impartindo dita afín. Evitamos, deste xeito, que a un docente se lle cambie a afín curso tras curso obrigando a que teña que preparar unha materia diferente da propia de xeito continuo e ano tras ano. Tamén evitaríamos que se soliciten afíns para adxudicar profesorado “a medida ou con nome e apelidos”.

**Sería interesante abordar un posible sistema de “habilitacións” en secundaria.** De todos os xeitos é importante salientar que deben ser reversibles, é dicir, unha persoa podería presentar algún tipo de titulación ou mérito que lle permita “habilitarse” nun momento puntual pero podería retiralo posteriormente se así o

## MESA SECTORIAL

30/06/2026

considera. Esta cuestión debería extenderse a calquera tipo de mérito que se presente ante a Administración (idiomas, curso de dirección, etc...).

**Sería tamén importante, no caso de primaria, que o profesorado poida ordear ou priorizar as materias afíns no CADP e non se vexa obrigada a consideralas todas.**

Por último é importante que se recolla un procedemento claro que deban seguir os centros educativos á hora de solicitar materias afíns para evitar, na medida do posible, conflitos.

**4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO BÁSICO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

**5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

**6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DOS CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

**7º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PROXECTO DE ORDE POLA QUE SE ESTABECE O CURRÍCULO DOS TÍTULOS DE ESPECIALISTA E DE MÁSTER DE FORMACIÓN PROFESIONAL NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA.**

Debido á similitude existente entre as 4 ordes trátanse de xeito conxunto.

Desde ANPE Galicia entendemos que hai cuestións que aparecen recollidas tanto no Real Decreto como no Decreto e que, polo tanto, non son susceptibles de modificación e sobre as que non imos a entrar.

**Con carácter xeral e previo, incidir na necesidade de abordar no ámbito da FP a redución de rateos e a atención á diversidade.**

**Como cuestións comúns consideramos que debe haber financiamento e profesorado suficiente para garantir a implantación dos novos currículos.** Somos conscientes de que esta nova implantación traerá problemas iniciais e un aumento de carga burocrática inicial polo que debe facerse un esforzo adicional para minimizalo (por exemplo, establecer un modelo común base para as programacións didácticas). Debe aumentarse o control e a esixencia por parte da Administración educativa no tocante aos espazos, materiais e equipamentos nos ciclos formativos no ámbito privado para garantir que se cumpla o recollido. Así mesmo, consideramos que debe establecerse un sistema estable de avaliación do proceso de implantación. Consideramos acaído que se contemple a revisión curricular periódica para adaptalos a posibles evolucións.

Entrando no articulado das ordes:

No artigo 4.3 preocupáanos como se pode facer esa organización e redistribución de horarios.

No artigo 5 relativo á fase de formación na empresa entendemos que debería falarse de cuestións como seguimento, visitas, tempos de coordinación, relación de empresas...

No artigo 6 consideramos que está ben falar de medidas metodolóxicas para atención á diversidade, **pero debería falarse tamén de dotación de profesorado especialista en atención á diversidade, materiais específicos e recursos neste sentido.**

**No artigo 7 consideramos que debería abordarse a climatización de determinados centros educativos (por exemplo centros que contén con ciclos de pastelería, cociña... no que se traballa con fornos).**

No artigo 8.1 (e exclusivamente na orde dos ciclos básicos) non está acaído xa que non existe o módulo inglés profesional. No resto de orde, en cambio, si ten sentido.

## MESA SECTORIAL

30/06/2026

No artigo 8.5.a) vemos acertada a puntualización engadida de que poderá ser impartido por profesorado co nivel B2, pero soamente se non hai profesorado que conte con nivel C1.

No artigo 8.5.b) desde ANPE engadiríamos o texto “sempre que exista acordo do departamento e que non supoña merma na calidade das ensinanzas”.

En relación á permanencia no centro de profesorado que participa en proxectos internacionais, dinamizacións, etc... desde ANPE consideramos que se debe de ser prudente para respectar a lexislación vixente e que a situación non supoña bloqueo de prazas para o CXT.

Para rematar, en relación á disposición adicional 7ª desde ANPE solicitamos que se cambie “podará obter” por “obterá”.

**A Administración toma nota das achegas aportadas e as estudará. Os proxectos de Orde continuará agora coa súa tramitación.**

### **8º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROLDA FINAL DE INTERVENCIÓNS.**

- Debe abordarse unha climatización dos centros educativos e debería empezarse por as zonas que máis poden sufrir situacións climatolóxicas adversas. Evitaremos, deste xeito, as situacións vividas coa calor extrema a finais de curso ou en determinados centros nos procesos selectivos.
- **En relación aos procesos selectivos debe evitarse poñer probas en domingos ou en días festivos como ocorreu este ano.**
- Demandar, aínda que xa se confirmou que non, a convocatoria de prazas de asesorías e de convenios.
- Debe vixiarse expresamente que **non saían prazas no mes de setembro que deberían ter saído e adxudicado no CADP.**

- Denunciar que hai profesorado que está impartindo o Máster en Ensinanzas de Réxime Especial que non ten titulación. Ese alumnado está en risco de non titular.
- **Reiteramos o cumprimento do pago do “verán” ao persoal substituto que traballe máis de 5 meses e medio tal e como recolle o acordo de interinos e substitutos, non se pode seguir eludindo este punto dende hai máis de 15 anos.**
- Con respecto ao curso de formación de Prevención de Riscos demandamos que se informe detalladamente de que habera máis convocatorias e de que non é obrigatorio facelo agora.  
**A Administración resposta que enviará un correo electrónico ao profesorado no mes de setembro neste sentido.**

